



Hoxe, **luns 24 de setembro** ás 5 da tarde, ADEGA abrirá a súa exposición de humor gráfico “**Rir, por no chorar**”

no Parque dos Condes de Monforte de Lemos. Despois da súa estadía en varias localidades da provincia, como en Lugo ou en Viveiro, a mostra desprázase á localidade de Monforte para chegar a aquelas terras unha

visión retranqueira e irónica da problemática ambiental

que vive o noso territorio. O obxectivo deste proxecto é concienciar sobre as ameazas e as agresións que pairan sobre o noso patrimonio natural e cultural. Por outra banda, intenta buscar solucións e propostas realmente sostibles e equilibradas de respecto ao noso entorno.

Durante catro días, até o 27 de setembro, “Rir, por non chorar” amosará 36 obras elaboradas para tal fin por preto dunha vintena humoristas gráficos e ilustradores de toda Galiza, tales como Pinto & Chinto, Leandro, Guitián, Calros Silvar, Alberto Okidoki, Almudena, Dávida, Idoia de Luxán, M^a Carmen Ferrín, Rooster, Sergio Covelo, Marcos Beltrán, Quico, Zamudio, Miguel Fernández, Jorge Alba, Alfredo López “Tokio”. A mostra estará instalada nunha carpa ao aire libre no Parque dos Condes e nela haberá un espazo para que aqueles que así o desexen colaboren cos seus debuxos ou mensaxes.

Para a realización deste proxecto, enmarcado dentro da campaña “**Ponte no medio. Móvete polo Territorio; por unha ordenación territorial sustentábel**”

ADEGA contou coa colaboración da Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo.